

Quen somos

A **Asociación Faraxa para a abolición da prostitución (Asociación Faraxa)** é unha organización non governamental sen ánimo de lucro, de acción social e independente (sen adscrición a ningunha formación política, relixiosa, grupo financeiro, mediático ou outros).

Creada o 8 de maio de 2009, atópase inscrita no Rexistro Nacional de asociación e no rexistro único de asociacións prestadoras de servizos sociais da Xunta de Galicia, especializada no traballo con persoas en prostitución e vítimas de trata sexual. Faraxa réxese ao amparo do artigo 22 da Constitución Española e pola Lei Orgánica 1/2002 do 22 de Marzo reguladora do decreto de asociacións, polas súas normas de desenvolvemento interno e polos Estatutos asociativos vixentes.

A **Asociación Faraxa** forma parte da actual **Rede Galega contra á Trata**: plataforma civil de entidades e persoas de acreditada experiencia na intervención e investigación desta grave vulneración dos dereitos humanos.

Os nosos fins

A loita da **Asociación Faraxa** para abolir a prostitución e a explotación sexual de mulleres e nenas/os, radica en considerar a **prostitución** como unha forma máis de **violencia de xénero** que atenta directamente contra os dereitos humanos, sendo así a maior escravitude do século XXI.

O esquecemento, a opresión e o desprezo que vén vivindo a muller, polo mero feito de selo, durante longos séculos de historia, mantido por unha sociedade patriarcal na que o home ten o dereito e o poder, permitiu e lexitimou o negocio do sexo onde as desigualdades existentes entre homes e mulleres atopan o seu máximo expoñente cosificando á muller e outorgando ao home dereito e poder de dominación sobre a mesma.

Dende esta perspectiva a **Asociación Faraxa** dispón como finalidades fundamentais:

- Contribuír á erradicación de calquera forma de **violencia contra as mulleres**, especialmente á **prostitución** e a **trata** con fins de **explotación sexual**.
- Defender a **igualdade de oportunidades** entre mulleres e homes denunciando as causas que ocasionan a desigualdade e a discriminación, principalmente por razóns de xénero.
- Testemuñar e denunciar as violacións dos **dereitos humanos**.
- Atención ás persoas, principalmente **mulleres**, en situación de **desigualdade social**: **migrantes** (inmigrantes e emigrantes) e a **persoas** pertencentes ao colectivo **LGTBI** (lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais).
- Atender ás persoas, principalmente mulleres, nenas/vos, en situación de **prostitución**, **explotación sexual** e/ou **trata** de persoas en todas as súas manifestacións, afectados/ as por **vih/sida** e outras **its**, persoas con **adiccións** e afectados/ as con **enfermidade mental grave**.
- Realizar accións de sensibilización e formativas para fomentar o **cambio social** equitativo e xusto.

- Promover e realizar actuacións no ámbito da investigación e desenvolvemento así como estudos sobre as poboacións atendidas desde unha **perspectiva feminista**.

Actividades

A **Asociación Faraxa** realiza as súas principais actividades a través do seu **Centro de Atención**, a **Unidade Móbil** e espazos comúns formativos e de divulgación.



O **Centro de Atención** constitúe un espazo de reunión e consulta para as persoas en prostitución.

Ofrecemos asesoramento e orientación **sanitaria**, **social**, **xurídica** e **laboral** así como atención **psicolóxica** ás persoas en prostitución que o demanden.

Faraxa é centro acreditado pola Xunta de Galicia para a realización da probas rápidas de VIH/SIDA.

Coa **Unidade Móbil** visítase e realizase intervención sociosanitaria nos diferentes ámbitos prostitucionais: barrios “chineses”, pisos de contactos, clubs de alterne e rúas en Galicia, Castela e León e Asturias.



Dende **Faraxa** organizamos e participamos en faladoiros, obradoiros e xornadas coa finalidade de formar e sensibilizar sobre:

- A prostitución, a trata e a explotación sexual.
- Igualdade e violencia de xénero.
- Educación afetiva-sexual.
- Prevención das infeccións de transmisión sexual.

Ademáis fomentamos e participamos activamente en redes nacionais e internacionais de loita polos **dereitos** das **mulleres** e/ou contra a **violencia** de **xénero**. Así mesmo promovemos mecanismos de cooperación, investigación e desenvolvemento nos



Precisamos da túa colaboración

Faite SOCIA/O

Como socia/o poderás participar activamente da vida da organización, recibindo información das nosas actividades e implicándote nelas se o desexas.

FICHA DE SOCIA/O																								
Nome:					Apelidos:																			
DNI:																								
Enderezo:																								
Localidade:					Provincia:					C.P.														
Teléfono 1:					Teléfono 2:																			
E-mail:																								
Cota de inscrición (marcar cun "x" a aportación solicitada)																								
Cota mínima 6 € (marcar con una "x")					Mensual: _____					Trimestral: _____					Semestral: _____									
Anual: _____					Cota extraordinaria (sinalar aportación a realizar)					Mensual: _____					Trimestral: _____					Semestral: _____				
Anual: _____																								
*Acéptanse aportacións extraordinarias.																								
Se desexa realizar o ingreso na conta da Asociación, marque cun "x" e complete este recadro:																								
Entidade bancaria: La Caixa																								
IBAN		Entidade						Oficina				DC		Número de Conta										
E	S	6	7	2	1	0	0	4	2	5	7	9	6	2	2	0	0	1	0	4	3	0	6	
Se desexa realizar o pago por "domiciliación bancaria", marque cun "x" e complete este recadro:																								
Entidade bancaria:																								
Dirección:																								
Localidade:					Provincia:					C.P.														
Teléfono 1:					Teléfono 2:																			
E-mail:																								
IBAN		Entidad						Oficina				DC		Número de Cuenta										

Tralo ingreso da cota correspondente, deposite dita inscrición para o seu rexistro na nosa base de datos no banco de referencia ou a través da seguinte dirección de correo electrónico: asociacion@faraxa.com

Asdo. : _____

"En cumprimento do establecido pola lexislación vixente en materia de protección de datos, Regulamento (UE) 2016/679 do 27 de abril de 2016 de Protección de Datos e demais normativa de desenvolvemento, o/a asinante autoriza a utilización dos seus datos persoais contidos nos documentos presentados e o seu tratamento nun ficheiro titularidade da Asociación Faraxa, coa exclusiva finalidade da resolución do expediente de admisión, así como para xestionar calquera aspecto relativo á súa relación coa Asociación Faraxa na súa condición de socio/a. Quedo decatado/a de os dereitos de acceso, rectificación, limitación de tratamento, supresión, portabilidade e oposición/revogación dos datos obrantes no mencionado ficheiro, podendo exercer devanditos dereitos mediante unha carta dirixida á Asociación Faraxa na dirección RONDA DE DON BOSCO Nº 18 1º, 36202-VIGO (PONTEVEDRA) ou ben a través do correo "protecciondedatos@faraxa.com", debidamente asinada, incluíndo o seu nome completo, dirección e unha fotocopia do seu Documento Nacional de Identidade (DNI), pasaporte ou tarxeta de residencia."